

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A CREACIÓN DO CORO POLIFÓNICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CAMPUS DE PONTEVEDRA PARA O CURSO 2026/2027

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra posúe capacidade para organizar cursos, obradoiros, conferencias, así como aquelas actividades que teñen como obxectivo, entre outros, a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019.

Tendo en conta o anterior, esta reitoría **RESOLVE**:

Primeiro. Anunciar a creación do Coro Polifónico da Universidade de Vigo no campus de Pontevedra para o curso 2026/2027, con suxeición ás bases que figuran no Anexo I.

Segundo. Ordenar a publicación da presente resolución no taboleiro da sede electrónica da UVigo <https://sede.uvigo.gal/>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/ 1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resalto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A reitora

Por delegación R.R. do 2/07/2026 (D.O.G. do 8 de xullo)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

María de los Ángeles Fernández Villarino



ANEXO I

CREACIÓN DO CORO POLIFÓNICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CAMPUS DE PONTEVEDRA PARA O CURSO 2026/2027

OBXECTIVOS E TEMÁTICA:

O Coro do campus de Pontevedra configúrase como un espazo de encontro humanístico, artístico e formativo así como un punto de encontro interxeracional de toda a comunidade universitaria da UVigo e da cidadanía en xeral.

Un dos obxectivos é o de dar forma a un novo repertorio que se achegue tamén a novas tendencias musicais. Nese senso, as sesións que se desenvolven cada semana combinan un bloque inicial centrado na linguaxe musical como a preparación dunha serie de pezas de diferentes épocas e estilos.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

Poderán solicitar a participación no Coro Universitario do campus de Pontevedra as persoas que pertencen á comunidade universitaria da UVigo e a cidadanía en xeral, sempre que sexan maiores de idade.

DÍAS E HORAS:

Os martes do 13 de outubro de 2026 ata o 8 de xuño de 2027

De 19.00 a 21.00 horas

LUGAR:

Será comunicado ás persoas participantes en función do número de matrículas.

DOCENTE:

María Luisa Sánchez González, licenciada en musicoloxía pola Universidade de Oviedo e titulada profesional en piano polo Conservatorio de Xixón.

PREZO: GRATUÍTO

MATRÍCULA:

As persoas interesadas deberán enviar un correo electrónico a vic.pon@uvigo.gal no que indicarán o seu nome completo e apelidos, dni ou nie e o colectivo ao que pertencen. Achegarán un currículum relacionado con esta actividade. O prazo de



solicitudes será desde o día seguinte da publicación desta resolución reitoral no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo ata o 5 de outubro de 2026, ás 23.59 horas (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supón a non admisión a trámite da solicitude.

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías.

PRAZAS: 25

Este número de prazas poderase ir incrementando ao longo do curso a criterio da docente en función das necesidades. A vicerreitora do campus de Pontevedra autorizará o denegará esta petición.

SELECCIÓN:

A docente, con obxecto de garantir un nivel mínimo de calidade inicial, seleccionará de entre as persoas participantes aquelas que cumpran cos requisitos técnicos de acceso mediante unha proba que terá lugar o día 13 de outubro de 2026 ás 19.00 horas no lugar que lles será comunicado.

Rematada a proba, as persoas seleccionadas para o Coro do Campus de Pontevedra recibirán un correo electrónico indicándolles que deberán matricularse a través do campusactivo.uvigo.gal no prazo indicado.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroca a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RGPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a creación do Coro Universitario no campus de Pontevedra para o ano 2026/2027. Coa súa participación nesta convocatoria a Universidade de Vigo publicará os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, e conforme ás bases desta resolución. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal. Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Os devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>. Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal. Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

